



FRASES FEITAS:

Relaciona. Que significan as frases feitas destacadas?

Desde que cambiou o director, a empresa **vai vento en popa**.

- Ten unha capacidade de traballo moi grande.

Marcos xa fixo todo o traballo. **É unha máquina**.

- Vai ben, ten moitos beneficios.

Subliña o enunciado en que a interxección desempeña a función que se indica.

Expressar unha emoción. ▶ • Oh, que preciosidade!

• Ah, xa o entendo!

Establecer comunicación. ▶ • Mi madriña, que desfeita!

• Ola! Como estades?

Completa con *h* as palabras que o precisen.

• ___armonía

• pro___ibición

• ___inverno

• ___umilde

• ___oco

• ___ome

• ve___ículo

• ___amaca

• ___imno

• ___umor

• in___umano

• ___auga

• ___ostal

• ___exágono

• ___abrir

Copia as oracións poñéndolles *h* ás palabras que deben levalo.

- Fomos a un otel onde abía bañeiras de idromasaxe nos cuartos.

- A meu irmán non lle gusta mercar no ipermercado.

- O orario de atención ao público comeza ás oito.

- Seica oxe imos ver a actuación dun coñecido umorista.
